

AN ACCIDENTAL STUDIO

558

Bill Jones, Kim Leggatt, Ben Timlett, 2019

ESTREA EN NUMAX: 12.07.2019 | V.O.S.E.

An Accidental Studio (2019, 130')

Dirección: Bill Jones, Kim Leggatt, Ben Timlett

Guión: Bill Jones, Kim Leggatt, Ben Timlett

Participación: Helen Mirren, Michael Caine, Richard E. Grant, Terry Gilliam, John Cleese, Joanna Lumley, Billy Connolly, Bob Hoskins, Michael Palin, A Martinez, Eric Idle, Brenda Vaccaro, Neil Jordan, Terry Jones, Ralph Brown, George Harrison

Montaxe: Bill Jones, Anita Sandhu

Música: John Greswell, Andy Mellon

Fotografía: Brendan McGinty

Produtora: Bill and Ben Productions, George Made Films, Propellor (Reino Unido)

Distribuidora: A Contracorriente

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1


Idioma orixinal: Inglés

SINOPSE

Documental sobre HandMade Films, a produtora británica independente fundada por George Harrison. *A vida de Brian*, o mítico filme de Monty Python de 1975, foi o trampolín para a aventura cinematográfica de Harrison, co que o ex Beatle chegaría a producir outros títulos de culto, como *Los héroes del tiempo*, de Terry Gilliam, *Withnail & I*, de Bruce Robinson, ou *Mona Lisa*, de Neil Jordan.

«Un poderoso trampolín para revisar varios clásicos británicos»

Thomas Hobbs, LITTLE WHITE LIES



Cando George Harrison impulsou o cinema inglés

A idade de ouro do cinema inglés

O documental céntrase nos grandes éxitos e algúns fracasos que tivo a produtora na década dos 80. Ben é certo que HandMade Films tampouco gozaba dunhas finanzas extravagantes dignas dun estudo de Hollywood, pero fixo posible a creación de historias que fixeron do cinema inglés un cobizado ben cultural. A iso contribuíron os Monty Python dirixindo e actuando en filmes como *Los héroes del tiempo*, que non parecía un gran éxito, pero chegou a coarse entre os filmes máis vistos. Ocorreu o mesmo co misioneiro e *Función privada*, protagonizadas por Michael Palin. Con todo, os Pyton remataron por distanciarse de HandMade pola insistencia de Denis O'Brien de converterse no seu mánager. O punto de inflexión chegou con *Sorpresas en Shanghái*, cuxos protagonistas eran Sexan Penn e Madonna. Ia ser todo un éxito de billeteira por ter á parella de estrelas no elenco a modo de Boggart e Hepburn. Con todo, Jim Goddard non puido domar as estrelas e limitar os seus papeis, polo que o propio George Harrison tivo que intervir. *An Accidental Studio* amosa a caída da produtora cando se trataba de impor actores sobre o guión orixinal dos directores.

Por que HandMade Films non triunfou

Malia rematar o seu longo percorrido de comedias extravagantes con grandes clásicos como *Mona Lisa* ou *Withnail y yo*, eloxiadas nas entrevistas do documental polos actores e directores que participaron con HandMade, as relacións sobordaban tensión e o financiamento non pasaba por un bo momento. Despois da celebración do seu décimo aniversario, os actores e directores xa eran conscientes de que asistían a un funeral. O funeral da produtora que alzara ao cinema inglés todo o máis alto. No 1994 vendeuse a produtora a Paragon Entertainment. A era na que o ex beatle contribuía á sétima arte quedaba atrás e con ela os anos máis brillantes do cinema británico.

Publicado en <https://cinemagavia.es>

Sobre o documental

Retrato dun extraordinario momento na historia do cinema a través dos ollos dos cineastas e actores e do home que comezou todo: George Harrison, o ex Beatle e lenda musical. Harrison chegou ao rescate d'*A vida de Brian* no último minuto, xusto cando o diñeiro para facela se esfumara e ofreceuse a financiar todo o filme. Para facelo chegou a hipotecar a

súa casa e a súa oficina. Era un gran fan dos Monty Python, e cría que grazas ao humor do grupo conservara a súa cordura mentres era membro dos Beatles. Agora tiña a oportunidade de devolver o favor. A película foi un éxito colosal, de feito, o éxito foi tal que decidiron fundar unha empresa, e así naceu HandMade Films. Nun momento particular na historia do cinema, HandMade dominou o mundo británico do cinema co seu espírito de facer e lanzar películas inconformistas que outros rexeitaran, como *A vida de Brian*, *El largo Viernes Santo*, *Los héroes del tiempo*, o filme de Alan Bennett que gañou tres premios BAFTA, *Una función privada*, ata *Withnail y yo*, así como *Mona Lisa*, nomeada aos Oscar.

A xenerosidade de Harrison para que outros fixeran realidade os seus soños e a súa actitude de non intervir permitiron que os cineastas deran o mellor de si. A medida que as películas que producía gañaban premios e eran o trampolín de varias carreiras, HandMade converteuse en algo máis que unha feliz coincidencia. Converteuse nunha celebración da integridade e da colaboración.

Publicado en <https://acontracorrientefilms.com>

Traducións: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.

#eusondenumax

